



CONCELLO DE O SAVIÑAO

Plaza de España 1
Escairón- O Saviñao 27540 (Lugo)
Teléfono 982 452061 Fax 982 453048

BASES DO II CONCURSO DE FOTOGRAFÍA DO DÍA DA MULLER 2019

O Concello de O Saviñao convoca o II CONCURSO DE FOTOGRAFÍA 'MULLERES' con motivo do Día Internacional da Muller 2019 con arranxo ás seguintes:

BASES DO CONCURSO

1. Participantes

Poderán participar todas as persoas físicas maiores de 16 anos, cun máximo de 2 fotografías por persoa.

A forma de participar será individual e os participantes responderán persoalmente da lexítima titularidade e orixinalidade das fotografías presentadas.

2. Temática

O tema do concurso será '**MULLERES NO RURAL**' con motivo da celebración do Día Internacional da Muller o 8 de marzo. As fotografías deberán estar relacionadas co papel da muller no mundo rural.

3. Inscricións e prazos de entrega

A inscrición no concurso é gratuíta. O prazo de entrega das fotografías finaliza ás 14:00 horas do 5 de marzo de 2019. Calquera fotografía entregada fóra de prazo non será admitida no concurso.

As fotografías serán remitidas ó seguinte correo electrónico: concelleriadecultura@concellodosaviniao.net e deberán levar un título. En todo caso, o participante deberá recibir a confirmación de entrega do correo, para ser admitido no concurso. Ademais das fotografías, os participantes deberán achegar no mesmo correo electrónico a ficha de inscrición adxunta a estas bases, debidamente cumprimentada e a autorización para a publicación da imaxe da persoa que apareza na fotografía.

4. Formato

As fotografías poderán ser en formato vertical ou horizontal; poderán ser en color, monocromo, ou empregando filtros, quedando totalmente excluída deste concurso a fotomontaxe.

Poderán empregarse calquera dispositivo: cámara fotográfica, tableta, móbil, etc.

5. Categorías

- **Facebook:** O día 8 de marzo as fotografías recibidas serán colgadas na páxina de Facebook: 'Concello O Saviñao', nun álbum co título do concurso.



CONCELLO DE O SAVIÑAO

Plaza de España 1
Escairón- O Saviñao 27540 (Lugo)
Teléfono 982 452061 Fax 982 453048

Os autores das fotografías poderán etiquetarse nas súas obras. A fotografía que máis 'Me gusta' obteña ata o día 28 de marzo ás 14.00 horas, resultará a gañadora desta modalidade.

- **Xurado:** O 29 de marzo un xurado formado por persoal do concello de O Saviñao, decidirá entre as fotografía participantes (excepto a que obteña o premio da modalidade Facebook), a gañadora desta categoría.

Unha vez fallado o concurso comunicarase o resultado ós galardoados.

6. Premios

- **Un fin de semana en Galicia (destino a elixir) valorado en 300 € + Diploma acreditativo.**
- **Un fin de semana en Galicia (destino a elixir) valorado en 300 € + Diploma acreditativo.**

A entrega de premios realizarase o día do festival de Semana Santa.

7. Valoración

Para tódalas fotografías valorarase a orixinalidade, a creatividade, factores estéticos, así como a relación da fotografía co tema proposto e o sentimento que transmita. Tamén calquera outro motivo que poda considerar o xurado.

8. Exposición fotográfica

Tódalas fotografías presentadas expóranse ó público na casa do Concello de O Saviñao dende o día 8 de marzo ata o día 31 de marzo.

9. Dereitos de autor

Todas as persoas participantes conservarán os seus dereitos sobre as fotografías, permitindo ó concello de O Saviñao a súa difusión a través das redes sociais, prensa e carteis para a promoción deste concurso.

10. Consideracións adicionais.

- As persoas participantes no concurso autorizan ó concello de O Saviñao, á exhibición e publicación das mesmas tanto nas súas páxinas oficiais e redes sociais, como a súa exposición pública en algún momento determinado.
- As persoas participantes garanten que quen aparece nas fotografías presentadas deu o seu consentimento á súa publicación nas páxinas do concurso e que conta coa autorización do pai, nai ou titor legal dos menores de idade que poidan aparecer nas fotografías.
- O concello de O Saviñao non se fai responsable das imaxes que se entreguen polos participantes ó concurso e que puideran violar dereitos de autor de



CONCELLO DE O SAVIÑAO

Plaza de España 1
Escairón- O Saviñao 27540 (Lugo)
Teléfono 982 452061 Fax 982 453048

terceiros, sendo as persoas autoras as únicas responsables en caso de reclamación.

- Toda fotografía que non cumpra co disposto nestas bases ou que poidan resultar ofensivas ou de mal gusto, quedará excluída do concurso.
- En caso de que o xurado considere que as fotografías non teñen un mínimo de calidade, poderá declarar deserto o concurso.
- Tódalas cuestións non previstas nestas bases serán resoltas pola sección de Cultura e Servizos Sociais do Concello de O Saviñao.
- O fallo do xurado será inapelable.
- A presentación a este Concurso implica necesariamente a aceptación de tódolos puntos das presentes Bases e a renuncia a calquera reclamación.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE